

ACORDO DE CLAUSTRO PARA SOLICITAR A CONTINUIDADE DA ACTUAL REDE DE CENTROS DE ENSIANZAS PARA AS PERSOAS ADULTAS, ASÍ COMO DAS TRES MODALIDADES EXISTENTES

As persoas integrantes do claustro do
abaixo asinantes acordan solicitarlle á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que na nova Lei de Aprendizaxe ao Longo da Vida Adulta, que está en trámites de elaboración, se inclúa expresamente unha referencia ao **mantemento da actual rede de centros que imparten ensinanzas para persoas adultas conformada por 11 EPAPUS, o IES San Clemente e diferentes IES espallados por toda a xeografía galega** e que atenden neste curso escolar, segundo datos oficiais da administración, a 10.000 estudantes. En total, se se teñen en conta os centros que tamén imparten ensinanzas de Formación Profesional e de Réxime Especial, que tamén estarían incluídas nas reformas propostas nesta nova lei, estamos falando de centos de docentes e de centros educativos que verán modificadas as súas condicións de traballo e de organización académica respectivamente sen que tivera existido un previo contraste coa comunidade educativa antes da elaboración desta normativa.

Así mesmo, solicítase expresamente que se manteñan as tres modalidades existentes até o momento para a impartición destas ensinanzas: a presencial, a semipresencial e a distancia e que se respecte a autonomía de cada centro para seguir ofertando as que considere que se adecúan máis ao perfil de alumnado matriculado no mesmo e que non se prive deste servizo educativo, fundamentalmente no referido á oferta presencial, a boa parte do territorio galego.

En, a de..... de 2023.

Prégase remitir a resolucións do claustros ao correo galiza@cig-ensino.gal